



NOME: JUAN ANTONIO RODRÍGUEZ PARDO

DNI: .

ACTIVIDADE PÚBLICA PRINCIPAL: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, XEFE DE DEPARTAMENTO NA ÁREA DE INFRAESTRUTURAS, MEDIO AMBIENTE E SEGURIDADE, NIVEL 1.1., LABORAL, NO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA, EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, DEPENDENTE DA CONSELLERÍA DO MAR

ACTIVIDADE PÚBLICA SECUNDARIA: PROFESOR ASOCIADO, P4, NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Visto o expediente instruído como consecuencia da solicitude de autorización de compatibilidade formulada nos termos enriba expresados, tramitado de conformidade co artigo 9 da Lei 53/84, do 26 de decembro, e de acordo cos informes favorables do Ente Público Portos de Galicia e da Universidade da Coruña.

Esta Dirección Xeral da Función Pública, en uso da competencia delegada polo conselleiro de Facenda en virtude da Orde do 8 de xullo de 2013 (DOG nº 136, do 18/07/2013), no seu artigo 3.e), resolve **AUTORIZAR** a compatibilidade solicitada, en virtude do disposto nos artigos 4.1 e 16.3 da Lei 53/84 en relación cos artigos 3.1 e 15.2 do Real Decreto 598/85, do 30 de abril, sempre que non exista incompatibilidade horaria e se respecten os límites retributivos establecidos polo artigo 7 da mesma Lei.

A presente autorización de compatibilidade queda sen efecto no caso de cambio nas circunstancias que a permitiron, e, en todo caso, na data de finalización do contrato coa Universidade da Coruña.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o conselleiro de Facenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou, directamente, o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, perante, a elección da demandante, o Xulgado do Contencioso-administrativo da circunscrición na que teña aquel o seu enderezo ou o de Santiago de Compostela, conforme aos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública



